

CRÓNICA DO IX SEMINARIO DE COMPOSTA EN RED

María R. Lafuente*

No mes de outubro, celebrouse o IX Seminario de Composta en Red. Composta en Red é unha coordinadora de Entidades Locais de todo o Estado que desenvolven experiencias de compostaxe doméstica e comunitaria. ADEGA forma parte desta rede desde o seu inicio, como socia observadora. O seminario celebrouse o 17 e 18 de outubro de 2019 en Valladolid. O seu tema central foi a xestión da materia orgánica no mundo rural, cos obxectivos de dar visibilidade a esta problemática, favorecer os contactos entre axentes a todos os niveis e partillar experiencias.



Visita á granxa Tablares. Produción de ovos ecolóxicos.

Membros de ADEGA asistiron aos diferentes relatorios e visitaron diferentes proxectos agroecolóxicos. A Subdirectora Xeral de Residuos do Ministerio para a Transición Ecolóxica, Inés Iribarren, falou das actuacións do Ministerio nesta materia e do estado das subvencións PIMA (Plan de Impulso ao Medio Ambiente) en residuos. Pola súa banda, Elena Junco, representante da Consellaría de Fomento e Medio Ambiente da Xunta de Castela e León, deu conta das iniciativas da súa Administración para fomentar os proxectos de compostaxe.

Nunha primeira mesa redonda, Carlos Pérez, técnico da Deputación de Pontevedra, presentou os avances no plan Revitaliza, un proxecto que xa foi presentado no VI Seminario de Composta en Red, en Pontevedra. Suscitaron interese os avances e resultados dos primeiros anos e o sistema de formación e emprego dos mestres composteiros de Revitaliza. ADEGA participou neste proxecto facendo o seguimento dos composteiros individuais no Concello das Neves, que xa está na segunda fase do plan.

Desde a Deputación de Valladolid deuse conta das actuacións en marcha, coas que teñen iniciado o reparto de composteiros individuais, 490 en 28 municipios, e o servizo de recollida de podas. Tamén a Deputación de Palencia, no inicio do proxecto, levaba repartido 70 composteiros en 5 concellos. A Deputación de Salamanca está igualmente a dar os primeiros pasos cara á compostaxe descentralizada, e busca utilizar instrumentos económicos, como a aplicación de taxas, para incentivar a selección en orixe.

Unha segunda mesa redonda, sobre a xestión dos residuos orgánicos no ámbito municipal rural implicou aos Concellos de Valladolid e Monleras, e á Mancomunidade de la Mujer Muerta. Nesta, destacou a importancia da participación e a cohesión social para o éxito dos proxectos de compostaxe.

Tamén se dedicou espazo aos proxectos innovadores. Presentáronse resultados da compostaxe de cadáveres de animais mortos (polos ou porcos), pola Universidade de Valladolid, para o que non atoparon ningún tipo de problema. Os estudos desta universidade atinxen tamén á eliminación de fungos en residuos de vides, á obtención de produtos antifúngicos naturais a partir de proxectos de compostaxe, e ao control das emisións de amoníaco no proceso. Tamén se presentaron os avances e éxitos do proxecto de Larrabetzu, xa totalmente implantado, e desde a Universidade de Pamplona, a influencia do compost na vexetación dos xardíns de Vitoria.

Ao remate da xornada presentáronse as curtas enviadas ao concurso de Videocomposta e, tras a votación do público, entregáronse os premios.

*María R. Lafuente é vogal de residuos en ADEGA.

LIGAZÓNS:

Relatorios: <http://www.compostaenred.org/seminarios/seminario-valladolid-2019/presentaciones-valladolid/>

Curtas: <http://www.compostaenred.org/videocomposta-iii/>